

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://meet.google.com/xvy-hgqy-iig		
Data:	15/01/2024	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X (22.02 H)	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela		X
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X (22.07 H)	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Manuel Pedre Vázquez	Responsable Raids	Gallaecia	X (22.11 H)	
José A. Ricoy Bugarín	Responsable Trail-O	Aromon		X
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros		X
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta		X

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (11-12-2023)

Unha vez comezada a reunión da Xunta Directiva ás 21.30 h e non habendo o quorum suficiente posponse este punto. Ás 22:50 horas procédese a súa votación sendo aprobada a acta do 11-12-2023 por unanimidade.

2. Aprobación, se procede, de novas probas de O-trail e Raid ao calendario anual

Igual que no caso anterior, posponse este punto ata a existencia do quorum suficiente. Ás 23:00 horas procédese a súa votación. No caso do Raid, cuxas datas non foron confirmadas, proposto polo Club Xesta Natureza, os/as integrantes da Xunta Directiva están de acordó por unanimidade que se faga pero a decisión debe ser tomada na Asamblea Xeral de Xuño tendo en conta que caso a Asamblea Xeral a que ten competencia para engadir probas novas. Ademais debe terse en conta que na Asamblea Xeral de decembro, na que se aprobou o calendario, non se falou desta proba.

A diferenza do caso anterior, a segunda proba que se pretende engadir ao calendario anual, a proba de O-trail organizada polo club Arnela o día 1 de setembro de 2024 si foi falada xa na Asamblea Xeral de decembro polo que os integrantes da mesma eran coñecedores da súa posible realización, polo que a Xunta Directiva decide aprobala por unanimidade e incorporala ao calendario anual de probas, enviándolle esta información a todos os integrantes da Asamblea para que sexan coñecedores/as da mesma.

3. Realización dos rankings de probas de cada unha das modalidades

Toma a palabra a presidenta da FEGADO para indicar que ata este momento os rankings de O-pé e MTBO os viña realizando Pablo Aller pero que debido a diferentes circunstancias non vai poder continuar, polo que propón que sexa a empresa propietaria da licencia do programa de rankings (Sagois) a que se encargue de realizalos durante este ano. Os integrantes da Xunta Directiva expresan o seu apoio a esta decisión.

4. Decisións a adoptar sobre a Liga Transfronteiriza

Intervén a presidenta para indicar que a FEGADO xa lle pasou as posibles probas á Portugal para que esta realice unha escolla das probas que van formar parte da Liga Transfronteiriza.

5. Publicación dos regulamentos e normas

Intervén Jorge Piñeiro Portela para indicar que os regulamentos e normas xa están redactados e publicados dentro do apartado “transparencia” na web e que tamén se publicará una nova para que sexa máis visible.

6. Decisións a adoptar sobre a roupa das diferentes seleccións

Toma a palabra Alicia Pérez para explicar que a roupa das seleccións das diferentes modalidades xa foi encargada e que tan só falta recollela.

Intervén a Presidenta para engadir que ademais da roupa para os seleccionados/as tamén se vai encargar un cortaventos para os xuíces e xuízas controladores/as.

7. Información sobre a proba nacional de MTBO a realizar no concello de Santiso

Intervén Alicia Pérez para indicar que o primeiro boletín xa está redactado e acabado. Toma a palabra Jorge Piñeiro para preguntar se amosou moita xente o seu interese en colaborar na organización da proba ao que responde Claudia Oreiro que polo de agora tan só se rexistraron dúas persoas. Continúa Jorge Piñeiro preguntando se existe un estudo económico previo da proba ao que responde a Presidenta indicando que non, pero que ten esperanza de que non supoña perdas económicas para a Federación.

8. Valoración do cambio de entidade bancaria da Fegado

Expón a Presidenta a posibilidade de cambiar de entidade bancaria da Fegado, xa que a actual (Abanca) cobra moitas comisións (aproximadamente uns 500 euros anuais). Intervén Claudia Oreiro para indicar que o importante é que non só cobre poucas comisións senón que tamén a aplicación empregada sexa rápida. Por unanimidade decídese que sexa o propio tesoureiro, Javier Antoñón Clemente, o que decida a entidade bancaria coa que se vai traballar.

9. Rogos e preguntas

Intervén a Presidenta para expor que o vogal de Raid, Manuel Pedre Vázquez, presentou a súa dimisión, aínda que esta non se fará efectiva ata a seguinte reunión da Xunta Directiva do mes de febreiro. Engade que a persoa responsable de substituílo será Adrián Pérez Alonso do club Raza Palleira.

Continúa a Presidenta indicando que xa se cambiou o dominio da web e que agora está a nome da FEGADO polo que a partir deste momento xa se pode encargar a elaboración do deseño da nova web.

Intervén Teresa Bellón para preguntar como se vai proceder para postular aos corredores/as á Gala do Deporte de Vigo e Coruña. Responde Claudia Oreiro que para a de Coruña se teñen que ser os propios corredores/as o que o fagan. E que no caso da de Vigo sexan os propios vogais das seccións os que o decidan.

Continúa Teresa Bellón preguntando se na proba de Abadín se pode realizar unha tecnificación. Responde a Presidenta indicando que si pero que se organicen entre as diferentes vogalías para establecer uns criterios de seleccións consensuados.

Continúa Teresa Bellón preguntando se os/as corredores/as que van as diferentes concentracións da FEDO (por exemplo, aos Campus de Nadal, a FEGADO lle vai dar algunha subención económica. Responde a Presidenta, que tan só se lle dará se ese corredor ou corredora presenta un Proxecto Deportivo para participar nas probas nacionais.

Intervén Jorge Piñeiro para indicar da necesidade de redactar un documento único das seleccións galegas de todas as modalidades con orzamentos concretos. Continúa indicando que tamén é preciso activar as

diferentes mesas de traballo (cartografía, trazados, reglamentos de raid e categorías) por parte das diferentes vogalías.

Toma a palabra Roberto Amarelle para indicar que debemos facer unha autocrítica sobre a organización da última Asamblea Xeral para evitar que se produzan novos imprevistos (fallos dos portátiles, dificultade para a visualización de documentos, dificultades para a transmisión en directo, etc.).

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:28 h do día antes indicado.

SINATURAS

Roberto Amarelle Garabán
Secretario da FEGADO

Vª Bª Sonia Gómez Naya
Presidenta da FEGADO



Lugar e data:

VIGO	,	16	de	XANEIRO	de	2024
------	---	----	----	---------	----	------